

Composición de textos 14: O MOVEMENTO OBREIRO

Doc. 1 Parte do xeneral Pastor sobre o incendio da fábrica Bonaplata (Barcelona, 1835)

“Foi queimada a fábrica de tecidos e fundición de ferro dos señores Bonaplata e Cía. As autoridades, cando se decataron de que intentaban este ataque os amotinados, enviaron toda a forza de que se podía dispor, co fin de atallar o incendio; mais en van, xa que estaban determinados a facelo, convencidos de que os teares movidos por máquinas diminuían a produción do traballo manual. Os donos da fábrica, que tiñan hai días temores deste ataque, tomaron precaucións cunha garda dos seus propios dependentes, quen prematuramente fixeron fogo ós amotinados, cousa que exasperou a estes e aumentou a súa insolencia. A tropa que tiña que contelos púxose por medio e resultaron da refrega varios mortos e feridos”.

Doc. 2 En setembro de 1855, *El Eco de la Clase Obrera*, publicaba a seguinte petición ás Cortes.

“Señores deputados das Cortes Constituíntes:

Fai anos que a nosa clase vai camiñando cara á ruína. Os salarios minguan. O prezo dos comestibles e das habitacións é cada vez máis alto. As crises industriais sucédense. Temos que (...) mandar ó taller ás nosas donas con prexuízo da educación dos nosos fillos, sacrificar a estes mesmos fillos a un traballo prematuro.

É xa gravísimo o mal, urxe o remedio, e agardámolo de vós. Non pretendemos que ataquedes a liberdade do individuo, que é sagrada e inviolable; nin que matedes a concorrência, porque é a vida das artes, nin que carguedes sobre o Estado a obriga de socorrernos, porque coñecemos os apuros do Tesouro. Pedímosvos unicamente o libre exercicio do dereito de ASOCIARNOS.

Hoxe se nos concede só para favorecernos nos casos de enfermidade ou de falta de traballo; concédasenos en diante para opoñernos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres, establecer de acordo con eles tarifas de salarios, procurarnos os artigos de primeira necesidade a baixo prezo, organizar a ensinanza profesional e fomentar o desenvolvemento da nosa intelixencia, atender a todos os nosos intereses”.

Doc. 3 Neste artigo publicado en setembro de 1872 en *A Defensa da Sociedade*, advírtese do perigo que para a orde establecida supón a Asociación Internacional de Traballadores.

“Proba en verdade que alcanza a reis e pobos, a sacerdotes e profanos, ó cidadán humilde e ó elevado magnate, á relixión, á moral, á propiedade, ó traballo; á autoridade, á liberdade, á paz pública; á patria, á familia, á seguridade da persoa; á orde, ó goberno, á economía política; e en fin, a todas as entrañas da vida da humanidade. Tremendo retroceso habería de sufrir esta se en tal proba saísen vencidos os principios tutelares da súa existencia e desenvolvemento!

E vencidos saíran se os ánimos rectos, se os homes cuxos intereses morais e materiais están ameazados, se as clases lexítimas cegamente combatidas, non abrisen a tempo os ollos para ver e evitar o abismo a onde empuxan á sociedade enteira esta tempestade de erros (...), políglota e cosmopolita, que se titula a Asociación Internacional”.

Doc. 4 En marzo de 1917, este Manifesto conxunto da UXT e da CNT propón a folga xeral que sería definitivamente convocada en agosto.

“O proletariado organizado chegou así ó convencemento da necesidade da unificación das súas forzas en loita común contra os acaparadores da explotación erixida en sistema de goberno. E respondendo a este convencemento, os representantes da Unión Xeral de Traballadores e os da Confederación Nacional do Traballo acordaron por unanimidade: Primeiro: (...) co fin de obrigar ás clases dominantes a aqueles cambios fundamentais de sistema que garantan ó pobo o mínimo das condicións decorosas de vida e de desenvolvemento das súas actividades emancipadoras, imponse que o proletariado empregue a folga xeral, sen prazo definitivo de terminación, como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos”.

Na nova sociedade de clases que se configurou paralelamente ó desenvolvemento do liberalismo, do capitalismo e da industrialización, produciuse unha importante conflictividade social. A liberdade económica permitiu ós propietarios dos medios de produción (fábricas, terras) fixar libremente os salarios e os arrendamentos. En consecuencia, a burguesía, para incrementar os beneficios, rebaixou os salarios e os terratenentes subiron os arrendamentos ou contrataron xornaleiros para traballar as terras; e os traballadores empeoraron aínda máis as condicións laborais e de vida. Nas cidades, a liberdade de contratación, a mecanización do traballo, a prohibición das asociacións de traballadores, a abundancia de man de obra... provocaron unha diminución nos soldos dos obreiros. Ademais, a chegada de poboación ás cidades que iniciaban a industrialización ocasionou problemas de vivenda e, ante a escaseza, a suba dos alugueiros (**Doc 2:** *“Os salarios minguan. O prezo dos comestibles e das habitacións é cada vez máis alto”*). Estes escasos ingresos obrigaba a traballar ás mulleres e ós nenos para contribuír entre todos ó mantemento da familia (**Doc. 2:** *“ Temos que (...) mandar ó taller ás nosas donas con prexuízo da educación dos nosos fillos, sacrificar a estes mesmos fillos a un traballo prematuro”*), pero as mulleres e aínda máis os nenos cobraban menos que os varóns, polo que estes moitas veces ou aceptaban unha baixada do seu salario ou eran despedidos. No campo, as desamortizacións e o novo concepto de propiedade do liberalismo (individual, libre e plena) empeoraron as condicións dos campesiños, sobre todo no sur, onde moitos pasaron a ser xornaleiros e outros sufriron a suba dos arrendamentos rústicos ou emigraron cara ás zonas industriais na procura doutro medio de vida.

Para conseguir saír desa penosa situación, campesiños e obreiros foron organizándose, a pesares de que a lexislación liberal prohibía as asociacións que coartasen a liberdade económica (liberdade de contratación). As primeiras asociacións de traballadores reivindicaban melloras laborais (aumentos salariais, redución de xornada, seguridade no traballo...); pero máis tarde, inspiradas no anarquismo e no socialismo, defenderon a necesidade de transformar a sociedade.

En España, as primeiras protestas obreiras producíronse nas décadas de 1820 e 1830, nos tímidos inicios da industrialización coa introdución das máquinas. Ante a diminución dos salarios, o empeoramento das condicións laborais e a perda de postos de traballo, os obreiros (moitos do sector artesanal) culparon ás máquinas da situación e promoveron a súa destrución (**Doc. 1:** *“convencidos de que os teares movidos por máquinas diminuían a produción do traballo manual”*). Estas accións luditas iniciaron en Alcoi e Cataluña, onde queimaron a fábrica *El Vapor* de Bonaplata (**Doc. 1:** *“Foi queimada a fábrica de tecidos e fundición de ferro dos señores Bonaplata”*), a primeira en introducir a máquina de vapor. As protestas luditas, esporádicas e pouco planificadas pero de gran violencia e destrución, eran duramente castigadas polos empresarios (**Doc. 1:** *“Os donos (...) tomaron precaucións cunha garda (...) quen prematuramente fixeron fogo ós amotinados”*), as autoridades e as forzas da orde (**Doc. 1:** *“As autoridades (...) enviaron toda a forza de que se podía dispor”*). Nas décadas seguintes houbo actos puntuais, pero de escasa repercusión.

A lexislación liberal, en defensa da liberdade de mercado, promulgara a disolución dos gremios e prohibira a formación de calquera tipo de asociación ou medida de presión que atentase contra a liberdade económica. A pesares disto e das duras sancións para quen secundaba as folgas, os traballadores van recorrer a este medio de loita para conseguir dos patróns melloras salariais, laborais ou a redución de xornada. Para que a folga triunfase, debía planificarse, contar co apoio dos traballadores e con medios económicos para atender ás necesidades mínimas dos folguistas (caixas de resistencia) e presentar reivindicacións alcanzables. As folgas podían ser parciais (dun sector laboral), xerais (de todos os sectores dunha zona ou do país) ou revolucionaria, se ás reivindicación laborais se sumaban as de cambio político.

Ademais, os traballadores, intentando protexerse e tendo como referencia os gremios, burlaron a lexislación e crearon asociacións baixo a aparencia de sociedades benéficas, pero que tamén serviron para coordinar reivindicacións ou organizar folgas. En 1839, unha lei autorizou a fundación de sociedades de socorros mutuos de traballadores que tivesen como obxectivo auxiliarse mutuamente nas desgrazas (enfermidades, orfandade...) ou reunir as súas achegas co fin de atender necesidades futuras de algún asociado, pero sen que se puidesen empregar como caixas de resistencia. Na Década Moderada volveron prohibirse para autorizanse de novo en 1855 (**Doc. 2:** *“Hoxe se nos concede só para favorecer nos casos de enfermidade ou de falta de traballo”*). Os traballadores pediron por medios pacíficos, entre eles mediante o envío de cartas ós deputados (**Doc. 2:** *“Señores deputados das Cortes Constituíntes”*), poder asociarse (**Doc. 2:** *“Pedímosvos unicamente o libre exercicio do dereito de ASOCIARNOS”*) para defender os seus intereses fronte ós patróns (**Doc 2:** *“para opoñernos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres, establecer de acordo con eles tarifas de salarios, procurarmos os artigos de primeira necesidade a baixo prezo, organizar a ensinanza profesional e fomentar o desenvolvemento da nosa intelixencia, atender a todos os nosos intereses”*). Nestas sociedades de socorros mutuos ou mutualistas, os asociados aportaban unha cantidade do seu salario para auxiliar a calquera dos mutualistas que estivese en situación de extrema necesidade, pero tamén utilizaron eses fondos como caixas de resistencia para que os traballadores que secundaban unha folga puidesen subsistir e manter a loita. Estas sociedades

evolucionaron cara a sindicatos locais e de oficios que paulatinamente foron agrupándose en federacións locais e logo sindicatos xerais (integraban a todos os oficios dun país)

Na segunda metade do XIX dúas ideoloxías internacionalistas, o anarquismo e o socialismo marxista, proporcionaron trazos revolucionarios ás protestas dos traballadores ó cuestionar o modelo vixente e propor a necesidade dunha transformación radical que abolise a propiedade privada dos medios de produción e crease unha sociedade igualitaria, xusta e libre na que a propiedade fose colectiva e os beneficios obtidos co traballo de todos se repartisen segundo as necesidades de cadaquén.

O anarquismo, que tivo en Bakunin e Kropotkin ós seus principais líderes, tiña como obxectivo a transformación revolucionaria e total da sociedade capitalista mediante a abolición do Estado e de calquera tipo de autoridade ou poder (relixioso, militar, familiar...) e a supresión da propiedade privada e do dereito de herdanza co fin de rematar coas diferenzas socioeconómicas. A nova sociedade anarquista, na que reinaría a liberdade e a solidariedade, estaría organizada en comunas autónomas e autoxestionadas nas que as decisións serían tomadas de forma libre e solidaria entre os seus habitantes, copropietarios dos medios de produción. Esta transformación debían protagonizala os traballadores (campesiños e obreiros), e, como os anarquistas rexeitaban a participación en política, o proceso revolucionario debía prepararse a través dos sindicatos, da educación, da propaganda... Entre os anarquistas houbo discrepancias tanto sobre a función dos sindicatos (os anarcocomunistas desconfiaban deles) como sobre a lexitimidade do emprego da violencia (*propaganda pola acción*, *propaganda polos feitos*) ou sobre o modo en que se repartirían os bens na futura sociedade libertaria.

O socialismo marxista, que tivo en Marx e Engels ós seus ideólogos, defendía que no modo de produción capitalista as clases antagónicas eran a burguesía (posuidores) e o proletariado (desposuídos) e que a loita entre elas remataría co triunfo dos traballadores. Para que o proletariado puidese triunfar debía de ter conciencia de clase (da explotación a que estaba sometido polo capitalista) e organizarse en sindicatos e partidos obreiros para alcanzar o poder. Unha vez conquistado o poder, valeríase do Estado (ditadura do proletariado) para nacionalizar ou colectivizar todos os medios de produción e desposuír de poder á burguesía. Unha vez lograda a socialización dos medios de produción, o Estado autodisolveríase (xa non tería razón de ser) e quedaría establecida a sociedade socialista/comunista na que non habería diferenzas de clases.

Anarquistas, socialistas (utópicos e científicos) e sindicatos de diversos países fundaron en Londres, en 1864, a Asociación Internacional de Traballadores (AIT) ou I Internacional coa finalidade de coordinar e organizar a loita polos dereitos dos traballadores. Na AIT manifestáronse as discrepancias sobre os métodos a seguir entre anarquistas (Bakunin) e socialistas (Marx), que acabaron coa expulsión dos anarquistas, que fundaron a súa propia internacional. Os problemas da AIT agraváronse pola persecución dos gobernos europeos, que desconfiaban dela, acusándoa de atentar contra a orden, a autoridade... e de estar detrás dos sucesos da Comuna de París (1870).

En España, grazas á ampliación das liberdades tras a Revolución de 1868, os traballadores puideron asociarse e a liberdade de prensa favoreceu a difusión dos novos idearios. O anarquismo chegou a España da man de G. Fanelli e prendeu con rapidez en Andalucía e Cataluña. O socialismo, introducido por P. Lafargue, atopou seguidores en Madrid. En 1870 fundouse en Barcelona a Federación Rexional Española (FRE), organización federativa constituída por distintas seccións obreiras, de maioría anarquista, integrada na Primeira Internacional. A FRE iniciou unha rápida expansión por toda España, tanto no campo como nos núcleos industriais, pero tivo maior presenza en Cataluña, Levante e Andalucía. Os enfrontamentos entre anarquistas e socialistas dentro da Internacional tivo repercusións na FRE, que expulsou ós socialistas (estes fundaron a Nova Federación Madrileña en 1872). A FRE-AIT suscitou un forte temor, igual que noutros países europeos, nos empresarios e políticos liberais (**Doc. 3:** "*vencidos sairían se os ánimos rectos, se os homes cuxos intereses morais e materiais están ameazados, se as clases lexítimas cegamente combatidas, non abrisen a tempo os ollos para ver e evitar o abismo a onde empuxan á sociedade enteira esta tempestade de erros (...), políglota e cosmopolita, que se titula a Asociación Internacional*"), que acabaron por prohibila en 1874, no goberno de Serrano.

A pesar da prohibición da FRE, o anarquismo continuou expandíndose e actuando, aínda que cunha grande división interna. Os anarcosindicalistas apostaban pola educación, a propaganda e o labor sindical. Os anarcocomunistas confiaban tamén nas accións individuais. Entre os medios de propaganda algúns defendía a *propaganda pola acción* e practicaron numerosos atentados contra representantes ou intereses dos poderes establecidos (burguesía, Igrexa, exército, políticos): bomba no Liceu e na procesión do Corpus en Barcelona, asasinato de Cánovas, Canalejas, Dato, etc. Estas accións violentas eran respondidas con forte represión polas forzas da orden e con duras e rápidas represalias, ás veces indiscriminadas, polas autoridades (desterros, cadeas perpetuas, execucións). Producíndose unha espiral de violencia (acción –

reacción) que provocou tensións a finais do século XIX e sobre todo nas primeiras décadas do XX. Tras os graves sucesos da Semana Tráxica de Barcelona (1909), fundouse a Confederación Nacional do Traballo (1910), sindicato anarquista que defenderá a folga xeral revolucionaria como táctica esencial para a emancipación da clase traballadora. A CNT tivo unha grande expansión e converteuse no principal sindicato nas décadas iniciais do s.XX, con líderes tan salientables como Ángel Pestaña ou Salvador Seguí. Pero na ditadura de Primo de Rivera, a CNT foi clausurada e os anarquistas pasaron á clandestinidade. Nestas circunstancias, os máis extremistas fundaron, en 1927, a Federación Anarquista Ibérica (FAI).

No nacemento das organizacións socialistas (marxistas) destacou o tipógrafo ferrolán Pablo Iglesias, quen con outros socialistas fundou clandestinamente en Madrid o Partido Socialista Obrero Español (PSOE), en 1879 (o terceiro desta ideoloxía en crearse en Europa). Os socialistas, para difundir o seu ideario e gañar simpatizantes contaban co xornal *El Socialista*, fundado en 1886. Tras a promulgación da Lei de Asociacións (1887), celebraron un congreso en Barcelona e crearon un sindicato, a Unión Xeral de Traballadores (UXT), en 1888. Tanto o PSOE como a UXT, representados por Pablo Iglesias, contribuíron á fundación da II Internacional (París, 1889), nova organización socialista internacional, en substitución da desaparecida AIT, que debía acordar as medidas a seguir para que o proletariado alcanzase o poder e que declarou o Primeiro de Maio como día do traballador e centrou as reivindicacións na xornada de oito horas. O socialismo implantouse en Madrid, Asturias e Biscaia e, en menor medida en Cataluña e Andalucía. A partir de 1890, o PSOE presentou candidatos ás eleccións municipais e xerais e, en 1910, a alianza electoral de republicanos e socialistas permitiu que Pablo Iglesias obtivese a acta como deputado, converténdose no primeiro representante obreiro nas Cortes.

A II Internacional tamén tivo problemas. Dentro do socialismo abríronse distintas tendencias, entre elas a revisionista de Bernstein, que cuestionaba certos postulados de Marx (rexeitaba a necesidade de implantar a ditadura do proletariado e defendía que a democracia debe alcanzarse por medios democráticos). Pero non foron estas discrepancias as que debilitaron a Internacional senón o estoupido da Primeira Guerra Mundial e da Revolución Rusa. En 1919, Lenin fundou a III Internacional ou Komintern e no socialismo europeo abriuse un debate sobre a conveniencia de seguir o modelo soviético. En España, os partidarios de seguilo fundaron o Partido Comunista de España (1921), integrado na III Internacional.

Desde os últimos anos do século XIX, o sistema da Restauración estaba en crise (política, militar, económica, social...). O malestar social fíxose evidente tanto no campo como nas cidades. A situación desesperada do campesiñado, sobre todo dos xornaleiros andaluces, provocou revoltas, queima de colleitas e ocupacións de terras, moitas veces incitadas polos anarquistas e sempre reprimidas con extrema dureza pola Garda Civil. O proletariado urbano tamén vivía momentos difíciles que ocasionaron a convocatoria de folgas, especialmente intensas en Barcelona. En 1909 a Semana Tráxica, iniciada como un motín popular contra o recrutamento e marcha dos soldados á guerra do norte de África tornou en barricadas e actos violentos (decenas de mortos, centos de feridos, edificios incendiados) que foron respondidos cunha durísima e indiscriminada represión, sobre todo contra os anarquistas (miles de procesados, penas de desterro, cadeas perpetuas e execucións, entre elas a de Ferrer Guardia, un recoñecido pedagogo anarquista que nada tivo que ver nos feitos). En 1917, a escaseza e a suba disparada dos prezos, como consecuencia do aumento das exportacións ós países belixerantes europeos inmersos na Gran Guerra, acentuou o malestar dos obreiros. Desde decembro de 1916, a UXT e a CNT convocaron folgas contra a carestía da vida e esixindo ó goberno medidas para solucionar a escaseza de alimentos e a suba dos prezos. A intransixencia do Goberno, a pesar do seguimento maioritario das folgas, motivou que a UXT convocase unha folga xeral revolucionaria, á que se sumou a CNT (**Doc. 4:** *“os representantes da Unión Xeral de Traballadores e os da Confederación Nacional do Traballo acordaron”*), para agosto de 1917. A folga xeral tiña carácter indefinido (**Doc. 4:** *“imponse que o proletariado empregue a folga xeral, sen prazo definitivo de terminación como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos”*) e esixía cambios que mellorasen as condicións de vida dos desfavorecidos (**Doc. 4:** *“co fin de obrigar ás clases dominantes a aqueles cambios fundamentais de sistema que garantan ó pobo o mínimo das condicións decorosas de vida e de desenvolvemento das súas actividades emancipadoras”*). A folga tivo un seguimento maioritario entre o proletariado das cidades industriais, pero o Goberno, unha vez máis, exerceu unha forte represión sobre os participantes e sobre os simpatizantes do socialismo e do anarquismo.

A pesares das dificultades, a presión do movemento obreiro foi conseguindo que o Estado liberal aprobase leis de carácter laboral: regulación do traballo infantil, de accidentes de traballo, de xornada laboral de oito horas (1919)... e crease organismos de carácter social, como o Instituto Nacional de Previsión, orixe moi incipiente da seguridade social. Pero outras moitas reivindicación quedaron por conseguir e os sindicatos tiveron e teñen que seguir loitando por elas.